572
Veño dä Virxen da Barcä
da Virxen da Barcä veño
veño d'abalá-la pedra
de abalar a pedra veño ai la la le.

457b
Da Horta non me despido
teño d'ir e vir á Horta
na recolleita do millo.
Ai la la la...

Anda vete por el mundo
qu' el mundo te dará 'l pagho
el mundo también ärregla
a quien éh desarreghlado.

A miña Virxen da Barcä
pär' ò ano hein de volver
que me quedou a mäntilla
no altar por recollere.
Ai la la...

391
Yo quiero que a mí me alumbren
faroles de loh pequeños
que cuando van por la calle
alumbran los reverbuenos.

... a sente
qu' o tempo da moseda
non vos ha de durar siempre.
Ai ala la la..

2210
Alá no medio do mare
hai unha pombiña blanca
non é pomba nin é nada
que é o mar que s'alevanta.
Ai la la la

Vexo Vigho, vexo Vigho
tamén vexo Redondela
vexo a costa de San Paio
camiño da nosa terra.
Ai la la...